



II CERTAME LITERARIO “CÓNTANOS UN CONTO”

Con motivo de fomentar a creatividade literaria dirixida ao mundo dos máis pequenos na celebración do Día do Libro o 23 de abril, convócase o II Concurso Literario “Cóntanos un conto” de literatura infantil e xuvenil no Concello de Cerceda.

BASES

Primeira.-

Poderán participar cativas e cativos con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos(Infantil e ESO) e que estean empadroadas/os no Concello de Cerceda.

Segunda.-

Establécense as seguintes categorías, atendendo as idades dos/as participantes:

Infantil, abrangue todo infantil e 1º de primaria.

Primaria, conta con dúas categorías:

-1ª) abrangue 2º, 3º e 4º de primaria

-2ª) abrangue 5º e 6º de primaria

ESO, abrangue todos os cursos

Terceira.-

Os criterios de valoración segundo as categorías establecidas faranse da seguinte maneira:

- Infantil, presentarán unha historia en **formato cómic**, temática libre, en galego e o número de viñetas será de 4(axuntado modelo nas bases)
- Primaria, categoría 1ª, presentarán unha historia con temática libre, en galego e **un máximo de un folio polas dúas caras** con letra lexible.
- Primaria, categoría 2ª, presentarán unha historia con temática libre, en galego e **un máximo de dous folios polas dúas caras** con letra lexible.
- ESO, presentarán unha historia con temática libre, en galego e **un máximo catro folios polas dúas caras**, deben estar mecanografados, con letra Times Roman corpo 12.

Pódense descargar os modelos na páxina web do concello, www.cerceda.org

Cuarta.-

Establécese un premio de 50€ por categoría para o/a premiado/a, que será entregado en forma de bono para trocar nas librarías ESYMAR(Cerceda) ou COORDENADAS(A Silva). **A totalidade do importe debe trocarse íntegro nunha das librerías.**

DÍA DO LIBRO 2024



Quinta.-

Para achegar as historia participantes pódese facer a través do correo electrónico cultura@cerceda.es ou de xeito presencial no Rexistro de 9-14 horas.

O formato literario participante debe estar complementado coa seguinte información, título da obra presentada ao concurso, nome e apelidos do/a participante e curso.

A nai/pai/titor/a debe achegar cuberto e firmado o documento de autorización achegado nas bases.

A data límite de entrega é o luns 22 de abril ás 14 horas.

Sexta.-

O xurado estará composto por membros técnicos da Área de Turismo e Cultura do Concello de Cerceda.

O resultado do certame literario será o venres 26 de abril, no Facebook e Instagram do Concello de Cerceda faranse públicos os resultados.

Sétima.-

A participación neste certame supón a total aceptación das bases por parte de cada unha das persoas cuxos datos se envíen ó Concello de Cerceda coa finalidade de participar no mesmo.

Oitava.-

Os datos recollidos durante o certame, serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este.

Tan só se farán públicos o nome e apelidos e curso, así como o título da obra que acheguen o correo facilitado para o certame. Estes datos faranse públicos a través da páxina web e redes sociais do Concello de Cerceda. De acordo coa LOPD, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados para a participación no certame, serán incorporados en ficheiros dos que é responsable o Concello de Cerceda. Os datos serán tratados de xeito confidencial e usado para os fins expresados.

Se desexa que se elimine algún comentario, fotografía, vídeo ou calquera outro elemento relacionado co seu usuario, poderá comunicalo enviándonos unha mensaxes privada, ou por correo electrónico: alcadia@cerceda.es

Para que conste esta conformidade na aceptación das bases, o formato literario presentado ao certame debe ir acompañado dunha autorización asinada por a nai/pai/titor/a do/a menor que se presenta ao concurso.

DÍA DO LIBRO 2024



AUTORIZACIÓN PARA A PRESENTACIÓN DO FORMATO LITERARIO AO CONCURSO “CÓNTANOS UN CONTO”

D/Dna _____

como nai/pai/ titor/a de _____

autorizo a participar no concurso literario “CÓNTANOS UN CONTO” o seguinte formato literario

- A participación neste certame supón a total aceptación das bases por parte de cada unha das persoas cuxos datos se envíen ó Concello de Cerceda coa finalidade de participar no mesmo

DÍA DO LIBRO 2024



CONCURSO II CERTAME "CÓNTANOS UN CONTO"

CATEGORÍA INFANTIL E 1º PRIMARIA

NOME E APELIDOS _____

CURSO _____

DÍA DO LIBRO 2024



CONCURSO II CERTAME “CÓNTANOS UN CONTO”

CATEGORÍA PRIMARIA (2º, 3º E 4º)

NOME E APELIDOS _____

CURSO _____

MÁXIMO UN FOLIO POLAS DÚAS CARAS.

DÍA DO LIBRO 2024



CONCURSO II CERTAME “CÓNTANOS UN CONTO”

CATEGORÍA DE PRIMARIA (5º E 6º)

NOME E APELIDOS _____

CURSO _____

MÁXIMO DOUS FOLIOS POLAS DÚAS CARAS.

DÍA DO LIBRO 2024



CONCURSO II CERTAME “CÓNTANOS UN CONTO”

CATEGORÍA ESO(1º 2º 3º 4º)

NOME E APELIDOS _____

CURSO _____

MÁXIMO CATRO FOLIOS POLAS DÚAS CARAS, deben estar mecanografados, con letra Times Roman corpo 12.